

**DE PUTACIÓN PROVINCIAL**

**A CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 30 de DECEMBRO DE 2002**

**ORDE DO DÍA** dos asuntos que se van tratar na Sesión Plenaria Ordinaria que se celebrará o vindeiro luns, día 30 de decembro de 2002, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Central-Actas**

- 1.- Aprobación das actas anteriores, núms.: 13/02 e 14/02, correspondentes ás sesións extraordinaria e ordinaria celebradas o día 29 de novembro.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da núm. 18.200 á núm. 20.799.

### **Persoal, Réxime Interior e Informática Provincial**

- 3.- Adxudicación do concurso de servizos consistentes na implantación, posta en marcha e xestión dun Plan de Pensións para o persoal da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

### **Economía, Facenda e Especial de Contas**

- 4.- Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria por diversos concellos da provincia.

### **Cooperación e Asistencia a Municipios**

- 5.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Praza campo festa Vilarmaior” do Concello de Ordes, incluída no POS 2001 co código 01.2100.0269.0.

### **Plans especiais, contratación e equipamento**

- 6.- Expediente de desafectación de parte do edificio da Milagrosa para a ampliación do centro xerontolóxico e iniciación de trámite de cesión de uso.
- 7.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Grupo de Minusválidos da Coruña para a autorización do uso de local no colexio A Milagrosa para Escola Taller de Xoiería.
- 8.- Aprobación do proxecto de terminación e delegación no Concello de Ares da contratación e execución da obra “Rehabilitación escola Porto para C. Cultural 1ª F.”, incluída no Plan 2000 de infraestructuras anualidade 1998. Código 98.3400.0261.2

9.- Aprobación do proxecto reformado da obra “urbanización de travesías en Meirama (2ª fase) e A Silva (1ª fase) do Concello de Cerceda, incluída no Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e travesías municipais 2002. Código 02.3800.0081.0.

**Medio Natural, Agricultura, Pesca e Benestar Social**

10.- Modificación da obra “Miradoiro panorámico en Gundián-Vedra” Plan XXI fomento do turismo da natureza.

11.- Convalidación de actuacións na obra de equipamento do Parque Infantil Sigüeiro-Oroso. Plan XXI pequenas obras e subministracións.

12.- Modificar o cadro de financiamento da obra de construción de local da casa do Concello de Toques.

13.- Aprobación do convenio de dotación de equipamento complementario do Parque de Bombeiros de Santiago.

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓN  
ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### A CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 30 DE DECEMBRO DE 2002.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 30 de decembro de 2002, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERÍAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ LUIS PICO ESPÍNEIRA	PP
DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP

DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES, NÚMS.: 13/02 E 14/02, CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIA E ORDINARIA CELEBRADAS O DÍA 29 DE NOVIEMBRE.**

Apróbanse as actas anteriores, núms: 13/02 e 14/02, correspondentes ás sesións extraordinaria e ordinaria celebradas o día 29 de novembro.

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚM. 18.200 Á NÚM. 20.799.**

A Corporación toma coñecemento das Resoluciones dictadas pola Presidencia, da núm. 18.200 deica a núm. 20.799.

**3.- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO DE SERVICIOS CONSISTENTES NA IMPLANTACIÓN, POSTA EN MARCHA E XESTIÓN DUN PLAN DE PENSIÓNS PARA O PERSOAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“De conformidade co prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a adxudicación mediante concurso con procedemento aberto dos servicios consistentes na implantación, posta en marcha e xestión dun plan de pensións para o persoal da Deputación Provincial da Coruña, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 2002, e de acordo coa proposta formulada pola mesa de contratación e co informe emitido pola comisión técnica:

**PRIMEIRO.-**

ADXUDICAR o contrato de implantación, posta en marcha e xestión dun plan de pensións para o persoal da Deputación Provincial da Coruña a BIA GALICIA DE SEGUROS E REASEGUROS S.A. NIF. A 15140387 ( núm. de inscrición de rexistro de entidades xestoras G 0002) e enderezo na R. Picavia núm. 8, 1º Esda. 15004 A CORUÑA, por ser a oferta que obtivo a maior puntuación aplicando os criterios de valoración establecidos na cláusula 12 do prego e conforme co seguinte detalle:

A) Comisión de xestión (expresada en % anual do patrimonio do fondo de pensións)

	COMISIÓN DE XESTIÓN
ANO 1	0,00%
ANO 2	0,00%
ANO 3	0,00%
ANO 4	0,00%
ANO 5	0,10%
ANO 6	0,10%
ANO 7	0,15%
ANO 8	0,15%

B) Comisión de depósito (expresada en % anual do valor nominal do patrimonio custodiado)

	COMISIÓN DE DEPÓSITOS
ANO 1	0,00%
ANO 2	0,00%
ANO 3	0,00%
ANO 4	0,00%
ANO 5	0,05%
ANO 6	0,05%
ANO 7	0,05%
ANO 8	0,05%

O comisionamento proposto constitúe o prezo do contrato e inclúe todos os gastos de formalización e tramitación do Plan, informes e dictames, asesoramento, emisión de documentos e calquera xestión obxecto do contrato, tal e como especifica o prego de condicións.

C) Entidade depositaria proposta: Caixa de Aforros de Galicia (Caixa Galicia) con CIF: G 15.028.947 e núm. de inscrición no rexistro de entidades depositarias D-0094.

D) Fondo proposto ó que se adscribirá o Plan: Fondo de pensións de nova creación exclusivo para o Plan de Pensións do persoal da Excm. Deputación da Coruña: Caixa Galicia VII, Fondo de pensións.

#### SEGUNDO.-

A Deputación como promotora do plan, achegará con cargo ó orzamento de 2002 as seguintes cantidades incrementadas de acordo co previsto na cláusula 3 do prego e punto sexto do acordo regulador das condicións de traballo do persoal ó servizo da Deputación Provincial da Coruña publicado no BOP núm. 8 do 10 de xaneiro de 2002:

PERSOAL	IMPORTE INICIAL	INCREMENTO	IMPORTE FINAL	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
FUNCIONARIO	135.170	82.831,06	218.001,06	0203/313B/16204
LABORAL	57.930	39.694,32	97.624,32	0203/313B/16304

Con cargo ó documento RC de retención de crédito núm. de rexistro 10.352 con data do 16/12/2002.

Polo que respecta ás anualidades sucesivas a achega da deputación virá determinada polo crédito consignado no orzamento do exercicio correspondente ou das modificacións de crédito que se aproben polo órgano competente da Corporación provincial (cláusula 3 do prego).

#### TERCEIRO.-

Fixar como prazo de execución do contrato o de 8 anos que se contarán desde a formalización do plan e depósito do fondo, prorrogable nos termos establecidos na cláusula cuarta do prego.

#### CUARTO.-

Como consecuencia da citada adxudicación promover un plan de pensións na modalidade de sistema de emprego de achega definida.

QUINTO.-

Iniciar os trámites para a constitución da comisión promotora do plan, con representación paritaria, e integrada por: a) membros designados polo presidente da corporación e b) membros designados polos órganos de representación do persoal (xunta de persoal e comité de empresa).

Para estes efectos facúltase ó presidente para a designación dos membros que corresponda designar á Corporación como integrantes da comisión promotora.”

#### **4.- AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POR DIVERSOS CONCELLOS DA PROVINCIA.**

##### INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Gracias, Sr. presidente, simplemente para anunciar a posición de abstención do BNG máis por un problema de fondo que polo propio senso que ten o acordo, non é outro que incorporar por vontade propia a algúns concellos que solicitaron tomar parte no Servicio de Inspección e Xestión Tributaria, e acollerse á delegación de competencia que se fai na deputación. En calquera caso, nosoutros, conectando coa posición que mantivemos no seu momento coa creación deste servicio, e respectando esa decisión soberana dos concellos, imos manter unha posición de abstención. Moitas gracias.

##### VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

##### ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada por diversos concellos da provincia, en relación cas materias e concellos seguintes:



- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre vehículos de tracción mecánica ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro: Concello de Narón.

- Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ó ano; Concellos de Boqueixón e Narón.

- Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, incluíndo a colaboración previa cos concellos para a identificación dos propietarios dos vehículos cos que se cometeran infraccións: Concello de Cambre, Cedeira, Cee, Fisterra, Muros, Narón, Neda, Ponteceso, Pontedeume, Porto do Son, Santa Comba e Valdoviño

- Recadación voluntaria e executiva das seguintes taxas do Concello de Narón:

-Recollida de residuos sólidos no medio rural.

-Autorización de entrada e saída de vehículos.

A aceptación destas competencias realízase a expensas de que os correspondentes acordos municipais sexan elevados a definitivos.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, que se levará a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servicios tributarios ós concellos da provincia, aprobadas para o efecto por esta corporación provincial, entrará en vigor logo do día 2 de xaneiro de 2003.”

## **5.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PRAZA CAMPO FESTA VILARMAIOR” DO CONCELLO DE ORDES, INCLUÍDA NO POS 2001 CO CÓDIGO 01.2100.0269.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo concello de Ordes de aprobación do proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica incluída no POS 2001 que foi aprobado mediante acordo plenario de data 23 de febreiro de 2001.

Aproba-lo proxecto reformado para a execución da obra que a continuación se relaciona, que non supón variación algunha nin no obxecto nin na financiación da obra nin do POS 2001 no seu conxunto.

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello</u>	<u>Presuposto Total</u>
01.2100.0269.0	Praza campo festa Villamaior	52.359,03	11.314,85	4.836,86	68.510,74

## **6.- EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DE PARTE DO EDIFICIO DA MILAGROSA PARA A AMPLIACIÓN DO CENTRO XERONTOLÓXICO E INICIACIÓN DE TRÁMITE DE CESIÓN DE USO.**

### INTERVENCIÓNS

Sr. Rodríguez Doval

Unificando o senso da votación, aínda que por razóns no capítulo da forma, diferentes, no capítulo do fondo, iguais, imos manter unha posición de abstención no punto 6 e no punto número 7, en todo caso, remitimos a nosa posición ó que foron os acordos de xuño do 99, e de febreiro de 2000, nos que se aprobaran inicialmente este expediente. En todo caso, si queríamos dicir, e precisamente á luz, fundamentalmente do paso do tempo, que é cando tamén algunhas cousas toman algunha importancia, naqueles dous debates, no de xuño do 99, que se refería ó punto número 6, e no de febreiro de 2000, que se refería ó punto número 7, fixemos constar que a nosa posición de abstención non era, e esa é a mesma que segue a ser, non era tanto con referencia, primeiro a que as necesidades das dúas entidades que solicitaban a subscrición destes convenios foran as que aquí se dicían, nosoutros dicíamos mesmo creo que textualmente, “non soamente pensamos que estas entidades terán necesidades, senón que ademais asumimos que as terán”, ou a que a propia Deputación da Coruña asumira convenios coas dúas entidades, e non a que entendíamos que faltaba un debate a fondo sobre algo que a nosoutros nos interesaba e nos segue interesando, que é que non se resolveu, non se resolveu porque non se deu xustamente ese debate, non se resolveu a decisión que se vai adoptar co problema de fondo, que é o que fai a Deputación da Coruña con aqueles centros que prestaban determinado tipo de funcións sociais, que neste momento deberían de estar transferidos á Administración autónoma, e que nosoutros dalgunha forma, imos pinga a pinga desprendéndonos deles. Entón, nosoutros éramos partidarios de que se producira a subscrición de convenios unha vez que tiveramos resolto o problema de fondo. Aquilo que se dicía no 99 ou en 2000, segue a estar hoxe plenamente vixente, practicamente cando pasaron 3 anos, é dicir, que imos entrar no ano 2003 e o último acordo que se tomara aquí fora exactamente no ano 2000. E, polo tanto, nosoutros pensamos que volver a reiterar a subscrición, ou facer a ampliación do convenio

sen que nin sequera se dera un debate a fondo sobre se se ten ou non, unha perspectiva de conxunto para o tema, en concreto do Colexio da Milagrosa, a nosoutros parécenos, en todo caso, que non é unha actitude moi de loar. Neste senso, xa digo, reiteramos a nosa posición de abstención, que non ten nada que ver coa asunción de que, nin a Asociación de Minusválidos, nin as outras entidades coas que se poden subscribir convenios, teñan necesidades, senón simplemente que é un problema de cómo a Deputación da Coruña exerce a responsabilidade ou fai detracción das súas competencias neste caso. Polo tanto, ese é o debate, e non se, efectivamente, as dúas entidades coas que se van subscribir os convenios teñen ou non algún tipo de necesidade, que naturalmente entendemos que é así.

Neste senso, ratificamos a abstención na medida en que se segue a producir unha situación similar á que había hai dous anos, pero coa agravante de que pasaron dous anos. Moitas gracias.

Sr. Varela Rey

Nosoutros mantemos unha postura distinta á que apunta o Bloque, o voceiro. En todo caso, ¿que fai a deputación?, pois creo que optimizar, rendibilizar o uso das instalacións. Nun intre do Colexio da Milagrosa tiña un cometido social moi importante, anos atrás, pero que o paso do tempo ese cometido social, as necesidades van sendo distintas e, polo tanto, o que entende ese grupo de goberno é que necesitamos unha adaptación ós tempos e que xustamente as necesidades que se están demandando agora mesmo van no senso que se promoven este tipo de acordos, tanto para o centro xerontolóxico como para un centro de formación dentro do grupo de minusválidos da Coruña. Eu creo que xustamente hoxe son moi importantes as políticas de formación para aqueles grupos de discapacitados, ou aqueles grupos, eu diría que con carácter xeral, que son máis sensibles ou teñen máis dificultades para a súa inserción laboral e para a súa capacitación, e polo tanto nosoutros entendemos que esta é unha magnífica finalidade, e que entendemos que esa debe de ser a colaboración desta entidade provincial.

Moitas gracias.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de alteración de cualificación xurídica de parte do edificio da Milagrosa, coa descrición que figura no plan o remitido polo Servicio de Arquitectura, para a súa cualificación como ben patrimonial. En concreto, a superficie para desafectar para ser posteriormente cedida á de 534 m<sup>2</sup> na planta baixa e de 525,05 m<sup>2</sup> na planta primeira (total 1.059,05 m<sup>2</sup>)

2.- Expoñer o citado expediente a información pública durante o prazo dun mes que se contará desde a publicación no BOP, para os efectos de reclamacións entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producisen.

3.- Iniciar o expediente de cesión de uso á UDP nos mesmos termos que na cesión de uso inicial, condicionado á aprobación definitivamente do expediente de alteración de cualificación xurídica do ben, non sendo necesario incorporar os documentos a que se refire o art. 110 do Regulamento de bens por teren sido xa presentados con ocasión da cesión inicial.

4.- Facultar ó presidente da Corporación para a execución do presente acordo.”

## **7.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O GRUPO DE MINUSVÁLIDOS DA CORUÑA PARA A AUTORIZACIÓN DO USO DE LOCAL NO COLEXIO A MILAGROSA PARA ESCOLA TALLER DE XOIERÍA.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“Aprobar a formalización de uso do local no Colexio A Milagrosa ó Grupo de Minusválidos da Coruña para a continuación da Escola Taller de Xoiería.”

**8.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE TERMINACIÓN E DELEGACIÓN NO CONCELLO DE ARES DA CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DA OBRA “REHABILITACIÓN ESCOLA PORTO PARA C. CULTURAL 1ª F.”, INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS ANUALIDADE 1998. CÓDIGO 98.3400.0261.2**

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Moi brevemente para que entenda o noso senso de voto. Supoño que en tanto tempo que levamos aquí falando de reformados, sobre todo de reformados que corresponden a obras de execución de anualidades que xa pasaron con bastante tempo, que efectivamente sempre partimos de que se presupón a boa vontade e a lealdade institucional por parte dos concellos que solicitan as modificacións, e tamén por parte da propia actuación, que neste caso quen as tramita. Neste senso, a nosoutros parécenos que en política tan importante como o fondo das cousas é tamén as formas en que se fan, e neste proceso, polo que nosoutros sabemos, e é algo o que sabemos, por razóns que resultan máis que evidentes, parece que non se gardaran as formas nin minimamente.

A proposta que se nos trae hoxe aquí que, por certo, tivo que decaer dunha comisión anterior, porque había unha modificación respecto da petición que se facía da alcaldía e o concello de Ares, efectivamente, solicita a aprobación e o remate dun proxecto de obra dunha anualidade, en concreto do ano 98; produciuse no seu momento a resolución do contrato coa empresa que había; prodúcese despois a delegación para a contratación xenérica, para tódolos concellos da nosa provincia, e por diversas razóns parece que esta obra, efectivamente, non se puido contratar e, finalmente, decídese facela por Administración, e é xustamente esta petición a que vén hoxe aquí. Supoñemos que esta deputación o que vai acordar é atender unha petición do concello de Ares para facer a obra por Administración, pero o que nosoutros sabemos, e xa digo que é bastante, é que parece que a concesión ou a tramitación que fai esta deputación chega con bastante retraso porque, segundo as nosas informacións, xa está superado pola propia realidade. Leo o Diario de Ferrol do sábado 23 de novembro de 2002, é dicir, hai practicamente un mes e medio, e saen unhas declaracións do alcalde de Ares onde di que comezou a reconstrucción do edificio das Escolas e, reproduzo textualmente “Fixéronse xa traballos de encofrado que se encontran en fase de execución, entre tanto que os de excavación se programan para a xornada do luns”. Polo tanto, a nosoutros parécenos que, evidentemente, hai que manter as formas, é dicir, unha vez que se tramitan as cousas hai que gardar as formas, agardar a que

os expedientes se fagan e un xa pode entender que, ás veces, haxa que ir por diante dos acontecementos, pero nosoutros, polo menos, o que pediríamos é que cando se trate de facer cousas que non están adaptadas ó procedemento, que se faga público na prensa, é dicir, é unha pequena chamada de atención.

Polo tanto, nosoutros neste punto ímonos abster porque cremos que, evidentemente, parece que é público e notorio que o que se vai facer hoxe aquí xa está desbordado polos propios acontecementos e eu creo que habería que pedir ós concellos, en xeral, ós concellos, que respectan os procedementos, é dicir, que se piden permiso para que se faga unha modificación, hai que agardar a que se faga a modificación, e despois unha vez que se teña o permiso faise a modificación, pero eu creo que non se pode facer ó revés, por moitas xustificacións que, evidentemente, que en tódolos casos haberá.

En calquera caso, por esa razón, é simplemente por esa, o noso grupo político vaise abster nesta votación. Moitas gracias.

Sr. Cendán Fernández

Quero deixar claro aquí, que quede claro, porque a intervención do voceiro do BNG, que non é certo todas estas informacións que está dando, porque esta obra estaba parada, tiña tres contratos, dous contratos estaban feitos pola deputación e un estaba delegado no concello, e onde se actuou, na obra que se actúa é na segunda fase, que se derribou a central e a obra que se vai aprobar hoxe aquí por administración quedou deserta dúas veces, e que a imos facer por administración, e está sen facer, que non son certas todas estas declaracións que acaba de facer, e que quede claro que o que está traballando o concello é na área central que temos nosoutros a delegación e que o levamos a contratación, e estámolo efectuando.

E que a ala sur, que é neste caso a que levamos hoxe aquí, que está parada e que non se está facendo ningún tipo de obra, que quede claro. Moitas gracias.

Sr. Rodríguez Doval

Simplemente ratificarnos total e absolutamente no que dixemos desde o principio, que estamos falando, é evidente, da mesma obra.

## VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

## ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Tendo en conta que mediante Resolución de Presidencia núm. 13.810 do 9 de setembro de 2002 dispúxose declarar a resolución por mutuo acordo, do contrato de execución da obra “Rehabilitación escola Porto para centro cultural, 1ª fase” do Concello de Ares, incluída no Plan 2000 de infraestructuras anualidade 1998, código 98.3400.0261.0 quedando un resto pendente de executar 17.336,82 € sobre o orzamento de contrata da obra.

Visto o acordo adoptado por esta deputación o 3 de maio de 2002 tocante á delegación nos respectivos concellos dos investimentos incluídas nas anualidades 1997, 1998 e 1999 do Plan 2000 de infraestructuras cunha contratación que correspondía inicialmente á deputación que están pendentes de executar, no que se indicaba que a delegación podería afectar a aqueles investimentos que estaban adxudicados pola deputación e cun contrato que se pode resolver nun futuro, de modo que trala previa realización dos trámites administrativos e orzamentarios necesarios poden ser contratadas e executadas polos respectivos concellos.

E dado que o Concello de Ares adoptou un acordo plenario de solicitude da delegación da contratación e execución desta obra e aprobou o proxecto de terminación.

Considerando que existe consignación suficiente na partida 0501/519Z/76287 do vixente orzamento provincial.

1.- Aprobación do proxecto de terminación e delegación no Concello de Ares da contratación e execución da obra “Rehabilitación escola Porto para C. Cultural, 1ª fase”, incluída no Plan 2000 de infraestructuras anualidade 1998. Código 98.3400.0261.2

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deput. F. propios	Deput. Prestamo	TOTAL
Ares	99.3400.0261.2	Rehabilitación escola Porto para Centro cultural 1-F	1.744,35	15.592,47	17.336,82

2.- Delegar no Concello de Ares a contratación e execución desta obra.

3.- O financiamento desta obra realizarase con cargo á partida 0501/519Z/76287 do Plan 2000 de infraestructuras- obras contratadas polos concellos.”

**9.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “URBANIZACIÓN DE TRAVESÍAS EN MEIRAMA (2ª FASE) E A SILVA (1ª FASE) DO CONCELLO DE CERCEDA, INCLUÍDA NO PLAN XXI DE INFRAESTRUCTURAS LOCAIS DE TRANSPORTE E TRAVESÍAS MUNICIPAIS 2002. CÓDIGO 02.3800.0081.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo Concello de Cerceda de aprobación do proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica incluída no Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e de travesías municipais 2002, que foi aprobado mediante acordo plenario do 31 de xaneiro de 2002.

Aprobar o presente proxecto reformado para a execución da obra que de seguido se relaciona, que non supón variación algunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin na do Plan no seu conxunto.

Codigo	Conc.	Denominación	Deput.Fondos propios	Deputación préstamo	Orzamento Total
02.3800.0081.0	Cerceda	URBANIZACIÓN TRAVESIA MEIRAMA II FASE, A SILVA I FASE	2.682,02	48.404,01	51.086,03

**10.- MODIFICACIÓN DA OBRA “MIRADOIRO PANORÁMICO EN GUNDIÁN-VEDRA” PLAN XXI FOMENTO DO TURISMO DA NATUREZA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Aprobar a modificación da obra ó Concello de Vedra, segundo o seguinte detalle.

Cód. 01.4300.0043.0 "Construcción mirador panorámico en Gundián"

Orzamento:	26.895,84
Deputación Fondos Propios:	3.926,20 €
Deputación Préstamo:	5.561,96 €
Aportación Concello	17.407,68 €

2.- O importe proposto que ascende á cantidade de 9488,16 euros deberá ser imputado á partida orzamentaria 0305/751A/76299.



3.- Facultar ó presidente para canto proceda verbo da xestión e execución do presente acordo.”

### **11.- CONVALIDACIÓN DE ACTUACIÓNS NA OBRA DE EQUIPAMENTO DO PARQUE INFANTIL SIGÜEIRO-OROSO. PLAN XXI PEQUENAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Convalidar as actuacións realizadas polo Concello de Oroso en relación á substitución das obras aprobadas en sesión plenaria con data do 26.10.01 segundo o seguinte detalle:

Cód. 01.4200.0106.0	Equipamento en parque infantil A	11.898,12 €
---------------------	----------------------------------	-------------

Cód. 01.4200.0107.0	Equipamento en parque infantil D	11.354,08 €
---------------------	----------------------------------	-------------

2.- Anular a obra aprobada en sesión plenaria con data do 26.10.01, correspondente ó código: cód. 01.4200.0077.0 “Equipamento en parque infantil Sigüeiro-Oroso” 18.026,53 €

3.- Aprobar as obras que se detallan de seguido:

Cód. 01.4200.0106.0	Equipaminto en parque infantil A	11.898,12 €
	Achega municipal	2.884,85 €
	Deputación Fondos Propios	3.493,54 €
	Deputación Fondos Préstamo	5.519,73 €

Cód. 01.4200.0107.0	Equipamento en parque infantil D	11.354,08 €
	Achega municipal	2.340,82 €
	Deputación Fondos Propios	3.493,54 €
	Deputación Fondos Préstamo	5.519,72€

4.- Os importes relativos á achega da Deputación provincial, que ascenden á cantidade de 18.026,23 euros, deberán ser imputados á partida orzamentaria 0305/519Z/76299.

5.- Facultar ó presidente para canto proceda verbo da xesión e execución do presente acordo.”

## **12.- MODIFICAR O CADRO DE FINANCIAMENTO DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE LOCAL DA CASA DO CONCELLO DE TOQUES.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Modificar o cadro de financiamento da obra “Construcción de local para arquivo na casa do concello” código 01.4200.0101.0 o pertencente ó Concello de Toques e aprobada dentro da 3ª relación do Plan de pequenas obras e subministracións por acordo plenario con data do 27 de setembro do 2002.

2.- Os axentes financiadores para a dita obra quedarán establecidos conforme ó seguinte cadro:

<b>Construcción de local para arquivo na Casa do Concello</b>			
Código	Concello	Deputación	
		Fondos propios	Fondos préstamo
01-4200-0101-0	<b>18.628,06</b>	<b>4.255,52</b>	<b>6.723,63</b>
Total		<b>29.607,21</b>	

3.- Da aprobación da dita modificación deberase dar conta ó Pleno na próxima sesión.”

## **13.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO COMPLEMENTARIO DO PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a dotación do equipamento complementario do novo parque de bombeiros de Santiago.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SOBRE A DOTACIÓN DO EQUIPAMENTO**

## **COMPLEMENTARIO DO PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

En Santiago de Compostela, a        de novembro de dous mil dous.

### **REUNIDOS**

O Excmo. Sr. D. Antonio Pillado Montero, Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación Provincial de A Coruña.

E o Excmo. Sr. D. José Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

### **EXPOÑEN**

1. Que as partes recoñécense plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.- Que a Lei galega 2/1985 de Protección Civil, na súa exposición de motivos, manifesta que a protección civil constitúe a afirmación dunha ampla política de seguridade que encontra o seu primeiro fundamento no artigo 15 da Constitución española, que obriga ós poderes públicos a garanti-lo dereito á vida e a integridade física como primeiro e máis importante de tódolos dereitos fundamentais.

Dende esa perspectiva, a protección civil ten que considerarse como un servizo público organizado de forma coordinada polas distintas administracións que xestionan competencias nesa materia.

O Decreto 161/2000, do 29 de Xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, encoméndalle á Dirección Xeral de Administración local a planificación e coordinación dos plans e programas dos servizos contraincendios e salvamento local, sen prexuício das competencias que lles correspondan á Dirección Xeral de Interior e Protección Civil no relativo á función operativa da protección civil, así como das atribuídas por lei ás administracións locais.

A normativa aplicable en materia de réxime local atribúe ás Deputacións a competencia de cooperación cos concellos, asegurando a prestación integral e axeitada dos servizos de competencia municipal, entre eles a cooperación mutua, e coa Xunta de Galicia,

en materia de programación, posta en marcha e sostemento dos parques de bombeiros, nos seus respectivos ámbitos territoriais de actuación.

Corresponde, igualmente ós Concellos, desenvolver todas aquelas actividades que contribúan e redunden na satisfacción dos intereses da comunidade veciñal.

3. Que a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a Deputación da Coruña, e os concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Roi, Teo, Val do Dubra e Vedra aprobaron un convenio marco de colaboración para a conversión en parque comarcal de bombeiros, con extensión do seu ámbito de actuación a tódolos Concellos relacionados, do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela.

Este convenio marco requería, a súa vez, convenios de desenvolvemento para a súa execución, tanto no referido a dotación de equipamentos, como para construción da sede do Parque e dotación de medios humanos.

Por todo isto e a fin de establece-las condicións de colaboración necesaria e acadalo fin proposto, a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a Deputación e o Concello de Santiago acordan subscribi-lo presente convenio de execución segundo as seguintes:

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.-OBXECTO.**

O presente convenio ten por obxecto o desenvolvemento do convenio-marco de colaboración entre a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a Deputación Provincial da Coruña, e os concellos de, Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois ,Teo, Val do Dubra e Vedra, no referente á adquisición do equipamento complementario previsto na cláusula segunda do referido convenio.

Asimesmo, e en virtude do presente convenio, o Parque de Bombeiros formará parte, como Centro Asociado, do Servicio 112 de Emerxencias, e así se deberá facer constar na rotulación dos vehículos que se adquiran.

### **SEGUNDA.-RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO DO PARQUE.**

As tres administracións acordan a renovación do equipamento complementario do Parque de Bombeiros.

Esta renovación concrétase na adquisición dos seguintes equipos con carácter inmediato, previos acordos corporativos necesarios:

Un brazo telescópico articulado de 42 metros	588.991,86.- euros
Un auto-bomba primeira saída	210.354,24.- euros
Un vehículo 4 X 4 para mando e inspección	36.060,73.- euros

Valórase o expresado material en 835.406,83 euros

A adquisición realizarase pola Deputación Provincial e financiarase polas tres administracións. O custo total de dita adquisición será financiado polas tres administracións nas seguintes porcentaxes:

-	Deputación Provincial	40%
	Xunta de Galicia	40%
	Concello de Santiago	20%

A licitación realizarase pola Deputación polo sistema de concurso, previa acreditación do compromiso financeiro contraído polas demais administracións, e de acordo coa normativa legal aplicable.

En tódalas fases da licitación, así como nos materiais entregados deberá facerse constar que estas actuacións son cofinanciadas con fondos FEDER, tal e como se recolle na normativa legal que regula os devanditos fondos.

As características técnicas detalladas do material expresado fixaranse por unha comisión técnica integrada polo Xefe do Parque de Bombeiros de Santiago, o enxeñeiro industrial, xefe de servizo de mantemento da Deputación e un técnico nomeado pola Dirección Xeral de Administración Local.

### **TERCEIRA.- FINANCIAMENTO.**

As aportacións das distintas administracións para a adquisición destes equipos serán as seguintes, como máximo:

Xunta de Galicia.....	334.162,73 euros
Deputación da Coruña.....	334.162,73 euros
Concello de Santiago.....	167. 081,37 euros

A aportación da Xunta de Galicia farase con cargo á partida orzamentaria 13.05.760.1, Programa 811B. dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001.

A aportación da Deputación da Coruña farase con cargo á partida 0305/223.A/629.99 dos orzamentos xerais da Deputación da Coruña para o ano 2002.

Aportación do Concello de Santiago farase con cargo á partida orzamentaria 22376.00 dos orzamentos xerais do Concello de Santiago para o ano 2002.

A Consellería e o Concello remitiranlle á Deputación os documentos xustificativos da retención de crédito correspondente ás aportacións ás que quedan obrigadas en virtude do presente convenio.

As aportacións das tres Administracións deberán facerse efectivas, en todo caso, dentro do prazo sinalado no Prego de Condicións para efectuar o pago ó adxudicatario, unha vez efectuada a recepción do suministro.

A Xunta e o Concello deberán ingresar as súas aportacións na conta da Deputación, dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior, e previa remisión, por parte da Deputación, da acta de recepción do suministro e a correspondente factura.

Caso de producirse xuros de demora, deberán ser asumidos, na proporción que lle corresponda, pola Administración que os tivera provocado, séndolles repercutidas as cantidades correspondentes pola Deputación se as causantes foran algunha das outras dúas Administracións asinantes do presente Convenio.

No suposto de non producirse o gasto pola totalidade das cantidades máximas previstas no presente Convenio, procederase á minoración das aportacións dacordo ás porcentaxes sinalados na cláusula segunda.

#### **CUARTA.- SERVICIO DO PARQUE.**

Unha vez se proceda á recepción do material relacionado na cláusula segunda, o Parque de Bombeiros de Santiago deberá escomenzar a presta-lo seu servizo nos Concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra, nas mesmas condicións nas que o veña prestando no propio Concello de Santiago de Compostela.

#### **QUINTA.- CARÁCTER DO PARQUE**

En virtude do Convenio Marco asinado no seu día, e dos Convenios de desenvolvemento que do mesmo se derivan, o Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela terá o carácter de Parque Comarcal de Incendios con extensión a tódolos Concellos asinantes, sen perxuício das potestades en canto á organización e funcionamento interno do Parque, que seguirán correspondendo, con carácter pleno, ó Concello de Santiago de Compostela.

#### **SEXTA.- COMISIÓN DE COORDINACION**

Para supervisa-la prestación do servizo prevista no presente convenio constituirase unha Comisión de Coordinación integrada por dous representantes da Consellería de Xustiza; dous da Deputación Provincial; dous do Concello de Santiago e dous en representación dos demais Concellos asinantes deste Acordo, designados por votación maioritaria entre os Alcaldes dos mesmos.

Esta Comisión reunirase ó menos unha vez ó trimestre para coñecer e evalúa-la prestación do servizo no seu ámbito comarcal e para adopta-las medidas que se estimen necesarias para a mellor efectividade do servizo.

Corresponde especialmente á Comisión de coordinación garantir, con competencia plena que a prestación do servizo se efectúe sen ningunha diferenciación en canto á súa calidade, celeridade e emprego dos medios que resultaran necesarios en cada actuación, calquera que sexa o Concello onde esta actuación se produza.

#### **SÉTIMA.- INCUMPRIMENTO**

O incumprimento das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar á resolución do mesmo e no seu caso, a devolución das cantidades percibidas, xunto cos intereses de demora correspondentes si fora o caso.

No suposto de que o concello de Santiago incumprise os compromisos asumidos, deberá devolver ó resto das Administracións aportantes unha cantidade equivalente ó valor venal dos vehículos ós que se refire o presente Convenio, calculado con referencia ó momento en que este incumprimento resulte, efectivamente, determinado, e detraendo a cantidade correspondente á aportación do propio Concello de Santiago.

#### **OITAVA.-NATUREZA XURÍDICA**

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que poideran xurdir en relación co mesmo serán competencia da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagunas existentes estarase ó disposto na Lei 13/1995 de

18 de maio de Contratos das Administracións Públicas, no Real Decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e demais lexislación de aplicación Xeral."

2º.- Facultar á Presidencia para canto resulte procedente verbo do correcto desenvolvemento do presente acordo."

#### ACTUACIÓN DE CONTROL ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Santiago López

Eu tíñalle escrita a carta a Papá Noel e vese que non quixo facer caso, e entón redacto unha nova carta ós Reis Magos, e a ver se o Sr. Juan Blanco, que neste caso era o intermediario da miña petición, ten a ben entregarme un informe que hai sobre o Fogar Infantil de Ferrol, que esta deputada ten solicitado desde agosto do ano pasado, e aínda non o recibimos. Entón, reitero esa petición, a ver se non termina a lexislatura, e ben, a ver se cos Reis Magos, Sr. Blanco, faga todo o posible. Gracias.

Sr. presidente

Tomamos boa nota.

Sr. Fernández Moreda

Eu quería preguntar sobre a situación en que se encontra unha obra que xa nos preocupamos varias veces por esta situación, pero aínda non está, parece que non está resolto, que é a obra do polideportivo de Ponte do Porto en Camariñas; máis ca información, gustaríanos escoitar que xa está desbloqueado e que se vai comezar e terminar a obra, pero gustaríanos saber en que situación se acha e se aínda non está desbloqueado, que nos diga vostede e nos garanta que se vai desbloquear para continuar e que se termine e se inaugure dunha vez esta obra.

Sr. presidente

Eu o único que lle podo dicir é que o momento exacto do expediente non llo podo dicir, pero que a vontade deste equipo de goberno, deste presidente e eu creo que toda esta corporación, é que ese problema, ou esa obra, soluciónese o antes posible polas condicións en que está. Como ben sabe vostede, un temporal tirou as paredes, houbo unha loita legal e xurídica entre a deputación e o contratista porque entendían que era o fallo do contratista, e



o tema está nos tribunais. De tódalas formas, independentemente de quen sexa o culpable o día de mañá deses danos e da restauración deles, a vontade, como dicía, desta deputación é abordalos xa, despois de pasar os trámites, abordalo por ela mesma a través doutra empresa, e logo segundo o dictame xurídico ou a sentenza que saia, o gasto pagarao quen sexa, ou fará fronte a deputación ou a empresa se é responsable. Pero volvo a insistir que a vontade é de resolver iso canto antes, e acelerar o expediente o máximo posible.

Sr. Fernández Moreda

Se é así a solución, eu rogaríalle que tratase de axilizar isto para que en xaneiro quedase resolto. Paréceme positivo que se hai un procedemento xudicial, independentemente de quen sexa o responsable, xa se dilucidará, a obra continúese, termínese e logo, se o responsable é o contratista, que lle esixa responsabilidades a deputación, pero se esa é a vontade da deputación e da Presidencia, eu rogaríalle que tomase as medidas oportunas para que en xaneiro puidese empezarse xa con esta obra.

Sr. presidente

Así o faremos. Non habendo máis rogos e preguntas, deséxolles a todos que o ano 2003 sexa o máis venturoso posible.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vintecinco minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizando a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.